

VIEIROS

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

CONTOS DE HENRIQUE RABUÑAL

Ollos negros que se cravan como espadas


Aínda que coñecido principalmente pola súa faceta de investigador literario, Henrique Rabuñal é sen dúbida un moi versátil escritor, que ten cultivado con maior ou menor asiduidade os eidos poéticos, narrativos e mesmo dramáticos. Volve agora á actualidade pola aparición de *Ollos negros*. Unha crítica de **Armando Requeixo**.

- 12:09 02/02/2005

O volume, editado por Espiral Maior, reúne oito contos que desenvolven historias ben dispares, tanto na súa temática coma na intención estrutural e estilística que as anima. Historias hai de saibo memorialístico, delibeano, nas que paira a sombra da Posguerra aquí e acolá. Así acontece no primeiro dos relatos -un dos máis longos- titulado "Perante o cadáver de papá" e, doutro xeito, en "Evocación e morte de Misia Nela".

Mais tamén teñen cabida neste mostrario os modelos parapopulares, como se bota a ver no conto fantástico "Adrián e a furna do galo", tan próximo a "As trasnadas do Toño" de Terra brava, que teño para min que doutra maneira non pode entenderse senón como literaria homenaxe. E fantástico e popular é tamén o sucedido que encarna en "Susana Mourelle Troiñín", historia de meiga, de fada boa, dacabalo entre a recreación autorial e o imaxinario lendario común.

Pola contra, máis urbanos e con motivos actuais comparecen "Ruco", historia fútbolera con final trágico e abondo exemplarizante, e o cotidianismo esperanzado de "Noticia da felicidade". Finalmente, "Telegrama con vida incorporada" representa un acaído exemplo de resumo temporal, pois en apenas tres páxinas e media o personaxe protagonista, un ancián ingresado nun hospital dende o que venta próxima a morte, logra compendiar o relato de toda unha vida servíndose dunha sincopada técnica telegráfica no dicir.

Porén, o mellor dos relatos de *Ollos negros* é, a meu parecer, "A cúpula dos soños", excelente narración na que se funden a pericia estrutural  cunha división tripartita en tres secuencias inversamente numeradas e referidas nunha analepse iterativa-, a depuración estilística nas imaxes e acabado dos períodos e mais o conseguido da caracterización psicolóxica dos personaxes, principalmente do seu protagonista, un ex-convicto que regresa á súa casa en Galicia dende o presidio que o retiña en Castela.

A habelencia coa que Rabuñal é capaz de fotografar a alma batida deste personaxe, a destreza con que nos comunica a súa perplexidade perante un mundo extramuros que xa non é o seu, pero tamén a súa radical vinculación ao territorio que o viu nacer e formarse como ser, espazo que procura no seu regreso, constitúen todo un exercicio de talento narrativo co que Rabuñal logra abismarnos na poderosa corrente que flúe nesta

historia.

E é que estes son *Ollos negros* que se cravan como espadas.